

# Torneo Mus de Veran 2017

## 1ª Fase: do 20 de Xuño ao 3 de Xullo

- 8 grupos de 4/5 parellas (3/4 partidas).
- Clasificaranse os 3 primeiros de cada grupo, **arrastrando os resultados** para a segunda fase.
- Sedes de xogo, 2 grupos en cada unha:
  - 1 Cafetería Milanés (grupo **A y E**).
  - 2 Cafetería Lord (grupo **C y G**).
  - 3 Cafetería Bohío (grupo **B y F**).
  - 4 Cafetería Galipán (grupo **D y H**).

## 2ª Fase: do 3 ao 11 de xullo

- 4 grupos de 6 parellas agrupándose do seguinte xeito: **A-E, B-F, C-G, D-H**
- Xogaranse 3 partidas (so contra os que non se xogou anteriormente).
- Clasificaranse os 3 primeiros de cada grupo, **arrastrando os resultados** para a terceira fase.
- Sedes de xogo, 1 grupo en cada unha:
  - 1 Cafetería Milanés (grupo **A-E**).
  - 2 Cafetería Lord (grupo **C-G**).
  - 3 Cafetería Bohío (grupo **B-F**).
  - 4 Cafetería Galipán (grupo **D-H**).

## 3ª Fase: do 12 ao 20 de xullo

- 2 grupos de 6 parellas agrupándose do seguinte xeito:

**GRUPO 1 (A-E con B-F)** e **GRUPO 2 (C-G con D-H)**

- Xogaranse 3 partidas (so contra os que non se xogou anteriormente).
- Clasificaranse os 4 primeiros de cada grupo, que pasarán a cuartos de final.
- Sedes de xogo:
  - 1 Cafetería Milanés (**GRUPO 1**).
  - 2 Cafetería Lord (**GRUPO 2**).

**Na Fase Final, as parellas que gañen cada enfrontamento deberán poñerse en contacto coa parella que lle toque xogar no momento de finalización da partida.**

**As partidas disputaranse nas sedes sinaladas para cada grupo, podéndose disputar noutra desas sedes en caso de estar pechada ou acordo entre as parellas.**

**FASE FINAL: do 21 ó 26 de xullo.**

**OCTAVOS DE FINAL: do 21 ó 22 de xullo.**

- **PREVIA I: TERCEIRO GRUPO 1 vs CUARTO GRUPO 2**
- **PREVIA II: CUARTO GRUPO 1 vs TERCEIRO GRUPO 2**

Sede de xogo: Cafetería Bohío

**CUARTOS DE FINAL: do 23 ó 24 de xullo.**

- **CUARTOS DE FINAL I: SEGUNDO GRUPO 1 vs PREVIA I**
- **CUARTOS DE FINAL II: SEGUNDO GRUPO 2 vs PREVIA II**

Sede de xogo: Cafetería Bohío

**SEMIFINAIS: do 25 ó 26 de xullo.**

- SEMIFINAL 1: **PRIMEIRO GRUPO 1 vs VENCEDOR I**
- SEMIFINAL 2: **PRIMEIRO GRUPO 2 vs VENCEDOR II**

Sede de xogo: Cafetería Bohío

**FINAL e 3º Posto: 27 de xullo.**

- **FINAL: GAÑADOR SEMIFINAL 1 vs GAÑADOR SEMIFINAL 2**
- **3º e 4º: PERDEDOR SEMIFINAL 1 vs PERDEDOR SEMIFINAL 2**

Sede de xogo: Cafetería Galipán.

**Entrega de trofeos e ágape para os participantes ao rematar a final.**

## CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN

Para obter a clasificación en cada fase teranse en conta os seguintes criterios:

1. Partidas gañadas no total do torneo (nos grupos con maior número de parellas descartaranse os resultados obtidos coa parella clasificada na última posición).
2. En caso de empate, partidas gañadas na fase na que se atope, incluídas as arrastradas.
3. En caso de empate, partidas gañadas na fase na que se atope, SEN incluír as arrastradas.
4. En caso de empate, partidas gañadas nos enfrontamentos directos.
5. En caso de empate, musaveraxe dos enfrontamentos directos (entre os empatados).
6. En caso de empate, musaveraxe total do torneo (nos grupos con maior número de parellas descartaranse os resultados obtidos coa parella clasificada na última posición).
7. En caso de empate, musaveraxe dos enfrontamentos da fase.
8. En caso de persistir o empate decidirá o Comité Organizador, composto por Moncho Valencia, Moncho Bouzo, José Diz e Antonio Losada.

**A Organización poderá designar que determinadas partidas non se podan disputar como últimos enfrontamentos dunha parella en cada fase.**

## MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN: PARELLAS, TRIOS E SUPLENTES

Admitirase que os participantes neste torneo se inscriban como parellas, como tríos ou como parella con suplente.

Na acta de xogo deberá sinalarse o grupo o que pertencen e o nome dos catro xogadores que disputen a partida sendo responsabilidade dos catro a veracidade dos datos sinalados nela. A acta entregárase na sede na que corresponda para su garda e a disposición da organización para o seu control.

Ningún xogador poderá participar como membro de dúas parellas inscritas.

### PARELLA:

Cada xogador deberá abonar a cota de inscrición (se ben o pago realizárase por parella para facilitar a xestión de cobro) e terá dereito aos trofeos e premios que outorgue a organización. Só lles corresponderá unha única praza ó Máster e/ou ó Campionato Galego, que dea dereito a participar á parella e ambos xogadores terán a condición de titulares da praza.

Só se admitirá, por motivos xustificadas, unha suplencia nunha partida durante todo o torneo e só ata a fase de cuartos de final, incluída. O resto do torneo deberá xogalo a parella titular.

### TRIO:

Tres xogadores que se inscriben en igualdade de condicións.

Cada xogador deberá abonar a cota de inscrición (se ben o pago realizárase por trio para facilitar a xestión de cobro) e terá dereito aos trofeos que outorgue a organización. Os premios deberán repartilos entre eles e non se incrementarán polo feito de ser tres xogadores.

Só lles corresponderá unha única praza ó Máster e/ou ó Campionato Galego, que dea dereito a participar á dous xogadores do trío, debendo sinalar qué xogadores terán a condición de titulares da praza antes de xogarse as semifinais. De non facelo, outorgárase ese dereito a parella que xogue a última partida do torneo. O xogador para ter dereito a praza Master ou Campionato Galego deberá disputar un mínimo de 8 partidas en todo o torneo.

O xogador do trío que non sexa titular da praza Master terá dereito a participar no Premaster se xogou mais de cinco partidas.

### PARELLA CON SUPLENTE:

Dous xogadores que se inscriben como parella e un terceiro suplirá a calquera deles nun máximo de cinco partidas e só ata a fase de cuartos de final, incluída.

Cada xogador deberá abonar a cota de inscrición (se ben o pago realizárase por parella para facilitar a xestión de cobro) e terá dereito aos trofeos e premios que outorgue a organización.

Só lles corresponderá unha única praza ó Máster e/ou ó Campionato Galego, que dea dereito a participar á parella e ambos xogadores terán a condición de titulares da praza.

O xogador suplente está exento da cota de inscrición e non ten dereito nin a trofeos nin a prazas Master ou Campionato Galego.

**A parella gañadora deberá enviar o resultado do enfrontamento ó rematar a partida por email a [info@museirosourense.org](mailto:info@museirosourense.org) sinalando as parellas e o grupo.**